

Guía sobre o acceso ao 1º curso do Grao Profesional

1. Información xeral.....	2
1.1 Estructura da proba de acceso.....	2
1.2 Superación da proba e obtención de praza.....	2
2. Proba de acceso.....	3
2.1 Exercicio teórico-práctico.....	3
2.1.1 Contidos.....	3
2.1.2 Criterios de avaliación.....	3
2.1.3 Criterios de cualificación.....	4
2.2 Interpretación.....	4
Clarinete.....	5
Frauta.....	6
Guitarra.....	7
Percusión.....	8
Piano.....	9
Saxofón.....	10
Trombón.....	11
Trompa.....	12
Trompeta.....	13
Tuba.....	14
Violín.....	15
Violoncello.....	16
Rúbrica empregada para a cualificación da proba instrumental.....	17

1. Información xeral¹

Para acceder ó primeiro curso das ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Dita proba realizarase nunha única convocatoria anual, que terá lugar no mes de xuño.

Para concorrer ás probas de acceso, naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.

Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias das mesmas para o exame.

1.1 Estrutura da proba de acceso

Para todas as especialidades as probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

A) **Interpretación**, no instrumento da especialidade á que opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria.

B) **Exercicio teórico-práctico** para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez en cada un dos exercicios. A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida nos dous exercicios, cos seguintes porcentaxes:

- Exercicio A (Interpretación instrumental): 70%
- Exercicio B (Vocal, auditivo e de linguaxe musical): 30 %

1.2 Superación da proba e obtención de praza

A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba de acceso e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na parte A.

¹ **Lexislación aplicable:** Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Orde do 28 de Xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música.

2. Proba de acceso

2.1 Exercicio teórico-práctico

Nesta proba valorarase a capacidade de comprensión auditiva, de entoación, de realización rítmica e lectura de notas, así como os coñecementos teórico-prácticos dos alumnos.

Esta proba divídese, pois, en catro partes:

1. Ritmo e lectura: Lectura medida dun ou varios exercicios en clave de Sol e Fa na 4ª liña, que inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia.

2. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos dos cursos do Grao Elemental. O alumno entoará o exercicio sen axuda do piano, quedando a discreción do tribunal darlle algún son en caso de que perda a referencia tonal. Os alumnos que se atopen na muda da voz poderán recorrer ó cambio de oitava se se e preciso.

3. Proba auditiva. Incluirá dúas partes: Unha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do Grao Elemental: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas...

A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz e cunha extensión entre 8 e 16 compases, facilitándose a pulsación, o LA de referencia e os grados tonais da tonalidade correspondente (deberase averiguar a tonalidade e compás).

4. Teoría: proba escrita onde se avalíen os coñecementos teóricos.

As probas teórica e auditiva realizaranse en grupo e as probas de entoación e ritmo serán individuais, tendo o alumno 10 minutos aproximadamente para a preparación dos exercicios de ritmo e entoación (5 minutos por proba). Nestes 10 minutos os alumnos non poderán utilizar ningún instrumento. Permitirase a axuda do diapasón.

2.1.1 Contidos

A proba versará sobre os contidos dos cursos de grao elemental, incluíndo tanto os de Linguaxe Musical como os de Educación Auditiva e Vocal, que se poden consultar nas programacións didácticas correspondentes.

2.1.2 Criterios de avaliación

1. Ritmo e lectura:

- Mostrar unha correcta execución das diferentes fórmulas rítmicas que conteñan as dificultades contidas nos cursos do Grao Elemental.
- Lectura fluída e sen paradas, mostrando dominio na lectura de notas en claves de sol en 2ª e fa en 4ª.
- Marcar o compás de forma axeitada. Demostrar corrección na interpretación das equivalencias
- Manter un pulso constante e regular ó longo do exercicio.

2. Entoación:

- Demostrar control da correcta afinación e corrección na entoación interválica dentro do contexto tonal.
- Demostrar unha correcta emisión do son.

3. Proba auditiva:

- Mostrar capacidade para identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados que conteñan as dificultades propias do Grao Elemental.
- Mostrar capacidade para identificar auditivamente aspectos musicais como o compás, o modo, acordes, tipos de escala, sempre de acordo aos contidos do Grao Elemental.

4. Teoría:

- Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos propios do Grao Elemental e demostrar a súa comprensión aplicándoos a exercicios prácticos.
- Empregar unha boa caligrafía na escritura musical.

2.1.3 Criterios de cualificación

A cualificación será a media aritmética ponderada de cada área de coñecementos:

- Ritmo e lectura: 35%
- Entoación: 25%
- Ditados e exercicios de audición: 20%
- Teórico-analíticos: 20%

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10, incluíndo decimais. A puntuación, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

Para superar a materia, o alumno/a debe cumprir os mínimos esixidos en cada unha das partes.

2.2 Interpretación

A continuación preséntanse os criterios de avaliación, así como os materiais didácticos orientativos de cada especialidade para esta proba. (Para ver os contidos e a listaxe completa de materiais didácticos orientativos, consultar a programación de 4º de Grao Elemental da especialidade correspondente).

Para o cálculo da cualificación do exercicio de interpretación empregarase a rúbrica que se adxunta ao final do documento.

Clarinete

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria.

O tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido, polo que si algún aspirante desexa presentar outras pezas, recomendamos que consulte co departamento a validez das mesmas.

No caso de interpretar as obras con partitura estas deberán ser orixinais. O alumno entregará aos membros do tribunal o listado de obras a interpretar ademais de dúas copias das partituras orixinais.

As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Interpretar un repertorio estilisticamente variado e dunha dificultade acorde co establecido no listado orientativo de obras estipulado na programación da materia.
- Mostrar na interpretación do repertorio o necesario coñecemento da partitura xeral, é dicir, tanto da parte de clarinete como da de piano.
- Coñecer e aplicar á interpretación as características estilísticas do repertorio programado.
- Dominar tecnicamente as obras a interpretar.
- Na obra a interpretar de memoria mostrar o dominio necesario deste recurso.
- Mostrar un correcto control do aire mediante a respiración abdominal-diafragmática así como dos músculos que forman a embocadura, de maneira que se posibilite una correcta emisión, afinación, articulación flexibilidade e calidade de son.
- Emitir un son estable e de calidade en tódolos rexistros do instrumento.
- Mostrar a capacidade necesaria para corrixir a afinación e a calidade do son.
- Adoitar una postura corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que posibilite tanto respirar con naturalidade como a boa coordinación entrámbalas mans.

Lista de obras orientativas:

CLÁSICO

- MOZART, W. A.: Un divertimento (a elixir)
- LEFEVRE: Unha sonata (a elixir)
- WANHAL. J.: Unha sonata (a elixir)

ROMÁNTICO

- BAERMANN, H.: *Adagio*
- REGER, MAX.: *Romance*
- NIELSEN, C.: *Fantasia*

SÉCULO XX

- MILHAUD, D.: *Capricho*
- HARRIS, P.: *Sonatina*
- MANGANI, M.: *Página d'Album*

Frauta

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria.

O tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido, polo que si algún aspirante desexa presentar outras pezas, recomendamos que consulte co departamento a validez das mesmas.

No caso de interpretar as obras con partitura estas deberán ser orixinais. O alumno entregará aos membros do tribunal o listado de obras a interpretar ademais de dúas copias das partituras orixinais.

As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Adoptar unha correcta posición corporal co instrumento (espalda, pernas, cadeiras, cabeza, brazos e mans).
- Inspirar diafragmáticamente de forma eficaz e silenciosa.
- Conseguir un son estable en todo o rexistro da frauta cunha embocadura na que a tensión e relaxación muscular estén equilibradas.
- Dominar as tonalidades de ata cinco alteracións.
- Mostrar un uso básico inicial do vibrato e os cambios de cor do son.
- Usar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- Amosar comprensión das estruturas musicais (motivos, temas, periodos...)
- Aplicar as dinámicas forte, piano, crescendo e diminuendo.
- Usar as articulacións: picado, ligado, detachè largo e corto.
- Saber solucionar con certa autonomía cuestións relacionadas coa interpretación.

Lista de obras orientativas:

- HAENDEL, G. F.: *Sonata* (a elegir)
- MARCELLO, B.: *Sonata en Sol M*
- VIVALDI, A.: *Sonata en FaM*
- MOZART, W. A.: *Andante en DoM para frauta e orquesta* K. 315
- DONIZETTI: *Sonata en Fa M*
- FAURÉ. G.: *Siciliana*
- FAURÉ. G.: *Berceuse*
- TOMASI. H.: *Le petit chevrier corse*

Guitarra

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria.

O tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido, polo que si algún aspirante desexa presentar outras pezas, recomendamos que consulte co departamento a validez das mesmas.

No caso de interpretar as obras con partitura estas deberán ser orixinais. O alumno entregará aos membros do tribunal o listado de obras a interpretar ademais de dúas copias das partituras orixinais.

As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Adoptar unha correcta posición co instrumento
- Interpretar as pezas con fluidez e seguridade técnica
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel do grao elemental
- Control do son e da afinación
- Na obra ou movemento a interpretar de memoria mostrar o dominio necesario deste recurso.

Lista de obras orientativas:

RENACEMENTO-BARROCO

- ANÓNIMO: *The Wilson Wide, The Parliament* (Amsco Pub.)
- BACH, J. S.: *Minueto en Sol M, Minueto en Mi m*
- BACH, J. S.: *Sarabande da Suite III para laúd BWV 995*
- BRESCIANELLO: *Gavotte* (La guitare classique vol. A)
- CUTTING, F.: *Toy* (Amsco Pub.)

CLÁSICO-ROMÁNTICO

- GIULIANI, M.: *Le Papillon* (do 21 ao 32)
- TÁRREGA, F.: *Lágrima, Pavana*

CONTEMPORÁNEO

- ABSIL, J.: *Preludio, Barcarola*
- LECLERQ, N.: *Six colours* (Turquoise, Pourpre, Orange)
- MONTREUIL, G.: *Céline* (Reuerdo)

Percusión

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria.

O tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido, polo que si algún aspirante desexa presentar outras pezas, recomendamos que consulte co departamento a validez das mesmas.

No caso de interpretar as obras con partitura estas deberán ser orixinais. O alumno entregará aos membros do tribunal o listado de obras a interpretar ademais de dúas copias das partituras orixinais.

As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Utilizar o esforzo muscular e a respiración adecuados ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar o dominio na execución sen desligar os aspectos técnicos.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Na obra ou movemento a interpretar de memoria mostrar o dominio necesario deste recurso.
- Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Acadar un bo son cos instrumentos.

Lista de obras orientativas:

CAIXA

- Jansen, M.: *1 solo Do M*

TIMBAIS

- *Rondo vivace* (Graded music for timpani, Book II)

LÁMINAS

- Clementi: *Allegretto da Sonatina en G*

Piano

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria.

O tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido, polo que si algún aspirante desexa presentar outras pezas, recomendamos que consulte co departamento a validez das mesmas.

No caso de interpretar as obras con partitura estas deberán ser orixinais. O alumno entregará aos membros do tribunal o listado de obras a interpretar ademais de dúas copias das partituras orixinais.

As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Interpretar as obras con fluidez e seguridade técnica.
- Calidade do son e uso do pedal.
- Adecuación do tempo ao estilo das obras e uso do fraseo.
- Sensibilidade para o detalle musical e correcta adecuación ao estilo das pezas.
- Uso das dinámicas e a articulación.
- Interpretación dunha obra de memoria

Lista de obras orientativas:

CLASICISMO

- DIABELLI: *Sonatina op. 168, n°1*
- DIABELLI: *Sonatina op. 168, n°2*

BARROCO

- HAYDN, J.: *Scherzo*
- HANDEL, G. F.: *Invención* (“Obras para clave”)
- BACH, J. S.: *Pequeño preludio BWV 927*

ROMANTICISMO

- CHOPIN, F.: *Vals póstumo*
- TCHAIKOVSKY, P.: *Canción alemana* (“Álbum de la juventud”)
- SCHUMANN, R.: *El jinete salvaje*
- SCHUMANN, R.: *Pieza N° 2* (“Álbum de la juventud”)

SÉCULO XX

- DEBUSSY, C.: *The little negro*
- GUASTAVINO: *Fermina*

Saxofón

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria.

O tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido, polo que si algún aspirante desexa presentar outras pezas, recomendamos que consulte co departamento a validez das mesmas.

No caso de interpretar as obras con partitura estas deberán ser orixinais. O alumno entregará aos membros do tribunal o listado de obras a interpretar ademais de dúas copias das partituras orixinais.

As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Madurez de interpretación e musicalidade (diferenciación de estilos e fraseo).
- Demostrar dominio nos cambios de posición e realízalos cunha técnica correcta.
- Calidade de son.
- Control técnico (técnicas de respiración, emisións e ataques, dominio dos diferentes rexistros do instrumento que esixa o repertorio, etc.).
- Afinación.
- Mostrar un profundo coñecemento das obras, interpretándoas coas dinámicas, estilo e matices adecuados, cunha corrección esixible ao nivel elemental.

Lista de obras orientativas:

SAXOFÓN MIB

- BOZZA, E.: *Aria*
- RUEFF, J.: *Chanson et passepied*
- BEETHOVEN, L.V.: *Petite valse*
- LANTIER: *Siciliana*

SAXOFÓN Sib

- CLERISSI, R.: *Prelude et divertissement*
- SCHUBERT, F.: *Suite de valse*
- CLERISSI, R.: *Sereneade varie*
- SENAILLE, J. B.: *Allegro spiritoso*

Trombón

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria.

O tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido, polo que si algún aspirante desexa presentar outras pezas, recomendamos que consulte co departamento a validez das mesmas.

No caso de interpretar as obras con partitura estas deberán ser orixinais. O alumno entregará aos membros do tribunal o listado de obras a interpretar ademais de dúas copias das partituras orixinais.

As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Facer bo uso da respiración e empregar volume de aire á hora de tocar.
- Amosar un son de calidade e exhibir igualdade sonora nos diferentes rexistros.
- Controlar a afinación.
- Dominar a coordinación e as principais articulacións (picado, legato e flexibilidade).
- Demostrar control do rexistro ata o Sol 4.
- Respectar as indicacións dinámicas e agónicas mostrando conciencia dos conceptos de fraseo e interpretación.

Lista de obras orientativas:

- HANDEL, G. F.: *Cantilena*
- BROUQUIERES, J: *Trombonaria*
- CLÉRISSE, R.: *Thème de Concours*

Trompa

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria.

O tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido, polo que si algún aspirante desexa presentar outras pezas, recomendamos que consulte co departamento a validez das mesmas.

No caso de interpretar as obras con partitura estas deberán ser orixinais. O alumno entregará aos membros do tribunal o listado de obras a interpretar ademais de dúas copias das partituras orixinais.

As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Demostrar o dominio do rexistro do instrumento.
- Interpretar as obras ca velocidade correcta mantendo a igualdade nas diferentes articulacións, rexistros e dinámicas.
- Amosar un son de calidade e unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas.

Lista de obras orientativas:

- SAINT-SAËNS, C.: *Romance*
- BOZZA, E.: *En Irlande*
- SKROUP: *Concerto en Sib M*

Trompeta

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria.

O tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido, polo que si algún aspirante desexa presentar outras pezas, recomendamos que consulte co departamento a validez das mesmas.

No caso de interpretar as obras con partitura estas deberán ser orixinais. O alumno entregará aos membros do tribunal o listado de obras a interpretar ademais de dúas copias das partituras orixinais.

As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Demostrar o dominio do rexistro do instrumento.
- Interpretar as obras ca velocidade correcta mantendo a igualdade nas diferentes articulacións, rexistros e dinámicas.
- Amosar un son de calidade e unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas.

Lista de obras orientativas:

- FERRÁN, F.: *Eolo, el rey de los vientos*
- BOZZA, E.: *Lied*
- CHARPENTIER, M. A./arr. WASTALL, P.: *Preludio de "Te Deum"*

Tuba

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria.

O tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido, polo que si algún aspirante desexa presentar outras pezas, recomendamos que consulte co departamento a validez das mesmas.

No caso de interpretar as obras con partitura estas deberán ser orixinais. O alumno entregará aos membros do tribunal o listado de obras a interpretar ademais de dúas copias das partituras orixinais.

As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Demostrar o dominio do rexistro do instrumento.
- Interpretar as obras ca velocidade correcta mantendo a igualdade nas diferentes articulacións, rexistros e dinámicas.
- Utilizar unha correcta respiración e empezar a coñecer o dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación, cunha corrección esixible ao nivel elemental.

Lista de obras orientativas:

- BACH, J. S.: *Air & Bourre*
- HADDAD, D.: *Two pieces*
- TELEMANN, G. P.: *Andante and allegro*
- HANDEL, G. F./arr. BUTCHTEL, F. L.: *Cantinela*
- FAURÉ, G./arr. MEAD, S.: *Aprés un reve*
- BROUQUIERES, J: *Trombonaria*
- COLE, K. R.: *Suburban Sunday*
- SAINT-SAËNS, C.: *The Swan*

Violín

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria.

O tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido, polo que si algún aspirante desexa presentar outras pezas, recomendamos que consulte co departamento a validez das mesmas.

No caso de interpretar as obras con partitura estas deberán ser orixinais. O alumno entregará aos membros do tribunal o listado de obras a interpretar ademais de dúas copias das partituras orixinais.

As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Mostrar dominio das tres pezas, interpretándoas cunha correcta técnica, afinación e musicalidade.
- Demostrar dominio nos cambios de posición e realízalos cunha técnica correcta.
- Demostrar un correcto uso do vibrato como recurso expresivo.
- Demostrar unha correcta utilización dos golpes de arco básicos adecuados para cada estudo ou peza a interpretar na proba.
- Mostrar un profundo coñecemento das obras, interpretándoas coas dinámicas, estilo e matices adecuados, cunha corrección esixible ao nivel elemental.

Lista de obras orientativas:

- CRICKBOOM, M.: *Chants et Morceaux 3 y 4*
- Concertos e concertinos de RIEDING y SEITZ
- DANCLA, Ch.: *Le mélodiste, Op. 86* (12 easy fantasies)
- Estudios con algún cambio de posición de SEVCIK, SITT, WOLFHART, KAYSER, etc.
- FIOCCO: *Allegro*
- GABRIEL-MARIE: *La Cinquantaine*
- MOLLENHAUER: *The boy Paganini*
- SUZUKI, S.: *Violin school* (Vol. 3, vol. 4)

Violoncello

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria.

O tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido, polo que si algún aspirante desexa presentar outras pezas, recomendamos que consulte co departamento a validez das mesmas.

No caso de interpretar as obras con partitura estas deberán ser orixinais. O alumno entregará aos membros do tribunal o listado de obras a interpretar ademais de dúas copias das partituras orixinais.

As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Adoptar unha correcta posición corporal con instrumento.
- Interpretar as pezas con fluidez e seguridade técnica.
- Mostrar control do son e a afinación.
- Adecuación do tempo ao estilo das obras e correcto uso do fraseo.
- Sensibilidade para o detalle musical e adecuación ao estilo das pezas.
- Uso das dinámicas e a articulación.

Lista de obras orientativas:

- SUZUKI, S.: Volume III
- LEE, S.: Método Práctico, 18 leccións en posicións.
- DOTZAUER, J.: 113 estudos, volume I.
- LEE, S.: 40 Estudos Melódicos e Progresivos, volume I.
- FEUILLARD: Pezas con acompañamento de piano, volume 2º.
- TORELLI: *Sonata en Sol M*
- BRÈVAL, G. B.: *Sonata en Do M* (1º movemento)
- MARCELLO: Sonatas para cello e continuo.

	Moi deficiente 1 - 2	Insuficiente 3 - 4	Aprobado 5 - 6	Notable 7 - 8	Sobresaínte 9 - 10
Son e técnica (1/3)	É incapaz de superar mínimamente as dificultades que a obra presenta.	Mala calidade de son. Non resolve correctamente os aspectos técnicos propios do instrumento relacionados coa emisión do son. Dificultades evidentes na dixitación e articulación. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas que presenta a obra. Posición do corpo e mans inadecuada.	Presenta unha calidade aceptable de son (tendo en conta o nivel correspondente). Resolve aceptablemente os aspectos técnicos propios do instrumento relacionados coa emisión do son. Coordinación entre as mans, se ben perde claridade nalgúns pasaxes. Resolve as dificultades técnicas que presenta a obra, aínda que presenta problemas en pasaxes. Posición de corpo e mans mellorable.	Presenta, en xeral, unha boa calidade de son (tendo en conta o nivel correspondente). En xeral, resolve correctamente os aspectos técnicos propios do instrumento relacionados co son. Boa coordinación entre as mans. En xeral, resolve as dificultades técnicas que presenta a obra. Mantén, en xeral unha posición adecuada de corpo e mans.	Calidade de son moi boa (tendo en conta o nivel correspondente). Moi boa utilización da técnica propia do instrumento no respectivo á emisión do son. Excelente coordinación entre as mans. Resolve moi ben as dificultades técnicas que presenta a obra. Mantén unha posición moi correcta de corpo e mans.
Estilo, expresión e fraseo (1/3)	É incapaz de superar mínimamente as dificultades que a obra presenta.	A interpretación está fora do estilo e carácter da obra. Os matices dinámicos (intensidade) e agónicos (tempo) son inadecuados. O fraseo e as articulacións son inadecuadas.	A interpretación adáptase aceptablemente ao estilo e carácter da obra. Matices dinámicos (intensidade) e agónicos (tempo) aceptables. O fraseo e as articulacións son aceptables aínda que non sempre adecuados ou comprensibles.	Adopta, en xeral, ben o estilo e o carácter da obra. Matices dinámicos (intensidade) e agónicos (tempo), en xeral, adecuados á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado. Articulacións ben realizadas.	Adopta moi ben o estilo e o carácter da obra, con musicalidade. Matices dinámicos (intensidade) e agónicos (tempo), adecuados á obra. O fraseo é claro e adecuado. Articulacións moi ben realizadas.
Fluidez, precisión rítmica, fidelidade á partitura (1/3)	É incapaz de superar mínimamente as dificultades que a obra presenta.	Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Afinación moi imprecisa. Non respecta as indicacións da partitura.	Interpretación aceptable. Tempo dentro das marxes aceptables, aínda que presenta dificultades ou inestabilidade en determinados pasaxes. Notas falsas ou imprecisións rítmicas, aínda que dentro do aceptable. Cumpre suficientemente coas indicacións da partitura	Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Afinación correcta. Respecta, en xeral, as indicacións da partitura.	Interpreta con fluidez, a un tempo estable e adecuado. Non hai (ou apenas) notas falsas nin imprecisións rítmicas. Gran precisión na afinación. Respecta as indicacións da partitura. Toca de memoria.